



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 28 de agosto de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

Lista de Asistentes

DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

D. ALBERTO VARELA PAZ
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIO ACCIDENTAL

DON JOSE MIGUEL CAAMAÑO ROMERO

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 28 de agosto de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 21/08/2017, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/3125

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Mantemento e Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Kilovatio Galicia, S.A.U.** para mellorar a iluminación da Sala de Exposicións "Rivas Briones", por un importe total de 930,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 334-62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3369

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Alumeado Público e Mantemento e do Xefe do Servizo de Obras, para aprobar o cambio do sistema de reposición dos danos feitos por accidentes en bens municipais correspondentes ao alumeado público e mobiliario urban, que logo de pasar ao servizo as copias dos informes, se remitirán á empresa IDELNOR (Proxectos, Xestión e Servizos, S.L.) a que repoñerá os danos causados e realizará os trámites pertinentes co seguro correspondente. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a contratación de dita empresa polo período de 1 ano, debendo firmar o Encargado do Servizo de Alumeado Público e Mantemento (Ramón Caldas) os partes de autorización.

PRP2017/3834



Dáse conta do escrito presentado por **Dona María Luisa Arroyo Euba e/n Asociación Española Contra o Cancer**, solicitando autorización para instalar unha carpa na Praza de Galicia o día 2 de setembro, levar a cabo unha campaña de cuestación para a asociación.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/3835

Dáse conta do escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza, Servizo de Xestión Técnico-Administrativa e Interior, solicitando informe sobre a viabilidade para a celebración da Triatlón Ocean Lava Galicia. 1ª Edición. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e conforme o informado pola Policía Local comunica que:

Na documentación aportada achéganse fotos aéreas, nas que suponse que estará marcado o percorrido, pero non se aprecia, por ser unha fotocopia en branco e negro de baixa resolución. Polo que afecta ao rutómetro, no sector ciclista (catro voltas), Vilagarcía aparece na primeira volta nos quilómetros 13,7 e 35,3, na segunda, terceira e cuarta voltas, nos quilómetros: 35,3/56,9/78,5. Todas elas, procedentes de Vilanova de Arousa pola VG4.3, e sen afectar á N640 (Baión-Porto de Vilagarcía). A Vixianza do tráfico e polo tanto o informe e seguramente do dispositivo nesta zona pertence ao Subsector de Tráfico da Garda Civil.

O peche da VG 4.3 terá como consecuencia a intensificación do tráfico na PO549, polo que será necesaria a regulación da circulación nos momentos nos que se produzan retencións dentro do termo municipal. Especialmente na Glorieta de Pablo Picasso e nos cruces da Avda. de Vilanova.

PRP2017/3836

Dáse conta do escrito de Espina & Delfín comunicando o abastecemento vía de urxencia ao Concello de Portas, suministrando auga provisional mediante cisternas dende o Concello de Vilagarcía de Arousa, para o que se usa un hidrante existente no Polígono de Trabanca Badiña. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/3838

Dáse conta do escrito presentado por D. Miguel Angel Cuevas Feijoo, Director do **Club Olímpic Vilagarcía**, solicitando autorización para a celebración duns talleres de Taekwondo e Zumba, o día 2 de setembro na Praza de Galicia.

Dáse conta da Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.



A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
 - Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
 - Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
 - Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
 - A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Acórdase así mesmo, aprobar a colaboración municipal.

PRP2017/3839

Dáse conta do escrito presentado por D. Joao Paulo A. Amorim, e/n do **Nucleo Gicap Artes Marciales Mixtas**, solicitando autorización para a celebración dunha exhibición de Caopeira, o día 9 de setembro na Praza de Galicia de 11:00 a 13:00 horas, e na Praza da II República a partir das 18:00 horas.

Dáse conta da Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
 - Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
 - Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
 - Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
 - A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Acórdase así mesmo, aprobar a colaboración municipal.

PRP2017/3840

Dáse conta do escrito presentado por D. Angel Francisco Vilas Fernández, secretario do **Club Xadrez Fontecarmoa**, solicitando autorización para a celebración dunhas xornadas, os días 8, 15 e 22 de setembro na rúa peonil de Castelao en horario de tarde.

Dáse conta da Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.



- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas. Acórdase así mesmo, aprobar a colaboración municipal.

ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS

PRP2017/3841

Dáse conta do escrito remitido pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, comunicando a resolución de autorización da continuidade na contratación de persoal auxiliar de policía Local (10 auxiliares), por un período de dous meses, para o desempeño de funcións de apoio e auxilio no marco do disposto na lexislación de forzas e corpos de seguridade, sempre acompañado de persoal funcionario de Policía Local na súa quenda de servizo, de xeito que este poida controlar, complementar ou corrixir, se é o caso, a súa actividade laboral.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Emprego

PRP2017/3865

Dáse conta de comunicación do Servizo de Orientación e Promoción Laboral, da Consellería de Economía Emprego e Industria, Xefatura de Pontevedra, de modificación da resolución administrativa de 18 de xullo de 2016 pola que se concedía unha axuda por importe de 130.784,75€ para a realización do proxecto de obradoiro de emprego denominado "Labor@ Xoven16" para 15 alumnos/as traballadores/as, reducindo a contía a 126.270,12€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Mercados

PRP2017/3868

Dáse conta do escrito presentado por **Don José Manuel Cobas García**, solicitando autorización para instalar un STAND expositor de cociñas de leña, planchas de inox, equipos de calefactores, caldeiras etc. dous martes ó mes na Rúa Arcebispo Lago, esquina Rúa Castro.

Visto o informe do xefe de mercados acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.



- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
Dar conta ao Negociado de Rendas e Xefe de Mercados.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Medio Ambiente

PRP2017/3869

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Cogami Reciclado de Galicia, S.L. (COREGAL, S.L.)**, a retirada e xestión do colector de plásticos mesturados do punto limpo, por un importe de 120 €/t (IVE non incluído) no caso de fraccións de plásticos non valorizables e 0 €/t. no caso das fraccións valorizables, resultando un importe total aproximado de 464,64 € (IVE incluído), con cargo á partida 170.22700.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/3871

Dáse conta do escrito presentado por **D. Oscar Álvarez González**, solicitando a prórroga do contrato de servizos denominado “Asistencia Técnica”, por un período de 1 ano.

Visto o informe do Negociado de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a prórroga solicitada, polo período de 1 ano, non sendo posible posteriores prórrogas, con cargo á partida 150-22706:

- Orzamento 2017, por importe de 5.626,50€ (3 meses).
- Orzamento 2018, por importe de 16.879,50€ (9 meses).

PRP2017/3872

Por Resolución da Presidenta da Deputación Provincial do 7 de xullo de 2016 outorgouse ao concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención por importe de 7.688,98€, con destino ao financiamento do investimento “Subministro de 1 motocicleta con destino á Policía Local”.

Dado que o procedemento de licitación para a adxudicación do citado contrato quedou deserto, por proposta deste concelleiro a Xunta de Goberno Local acordou, na súa sesión do 15 de maio de 2017, aprobar as novas características técnicas do subministro e o novo prezo de licitación que ascende a 12.000,00€ (IVE engadido), sendo autorizado por Resolución da Presidencia da Deputación do 20 de xuño de 2017.

Iniciado novo procedemento de licitación presentan ofertas os licitadores SQeM e Secundino Ponte, S.L., sendo trasladadas á Policía Local emítese o informe que se achega a esta proposta, e que conclúe coa seguinte puntuación:

LICITADOR	MODELO VEHÍCULO	B- altura	C- OFERTA TCA	D- PRAZO ENTREGA
SQeM	SWM Superdual	30	25	20
Secundino Ponte	SUZUKI V-STROM	30	30	20



Tendo en conta que a oferta económica dos licitadores presentados é: SQeM.- 10.946,65€ e Secundido Ponte, S.L.- 11.300,00€, unha vez aplicados os criterios de valoración fixados nas invitacións cursadas aos licitadores, a clasificación por orden decrecente de puntuación é a seguinte:

LICITADOR	MODELO VEHÍCULO	OFERTA ECOMICA	Mellora altura	OFERTA TCA	PRAZO ENTREGA	Total Puntos
SQeM	SWM Superdual	20	30	25	20	95
Secundino Ponte	SUZUKI V-STROM	13,87	30	30	20	93,87

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a **María Pilar Devesa Fernández (SQeM)**, con Documento Nacional de Identidade número 35452530P, o **subministro dunha motocicleta SWM Superdual 650, con destino á Policía Local**, por importe de 9.046,82€ (IVE excluído), ó que lle corresponde un IVE (21%) 1.899,83€, o que totaliza un importe de 10.946,65€ (IVE engadido); de acordo coa oferta presentada, ao ser a economicamente máis vantaxosa para o concello, con cargo á partida 132-62400(Prox. (2) 01/37/2016)

PRP2017/3883

A Xunta de Goberno Local, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a Memoria valorada denominada “Sustitución Integral de Elementos de Madeira en Bancos de Rey Daviña, Romero Ortiz e Mendez Núñez”, redactada polo Arquitecto Municipal D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cun importe total de licitación de 14.887,45€(ive engadido) con cargo á partida 453-62500. (Prox. (2)036/17)

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2017/3891

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor da **Mancomunidade do Salnés**, polos importes e facturas que se relacionan, cun importe total de 12.890,42€, con cargo ás partidas que se indican (Rel. F/2017/79):

Nº Registro Factura	Aplicación	Importe	Nombre Ter.	Texto Libre
F/2017/5410	2017 943 46300	1.563,11	MANCOMUNIDADE DO SALNES	SERVIZO BACHEO MANCOMUNIDADE DO SALNÉS. APORTAC. CONCELLO 1º CUATRIMESTRE - 2017.
F/2017/5411	2017 943 46300	3.484,04	MANCOMUNIDADE DO SALNES	APORTACIÓN MUNICIPAL GASTOS XERAIS 2017 - 1º CUATRIMESTRE.
F/2017/5412	2017 943 46300	3.549,20	MANCOMUNIDADE DO SALNES	APORTACIÓN MUNICIPAL SERVIZO MINIPALAS LIMPADORAS 2017 - 1º CUATRIMESTRE.
F/2017/5413	2017 943 46300	1.710,28	MANCOMUNIDADE DO SALNES	APORTACIÓN MUNICIPAL SERVIZO MOTONIVELADORA 2017 - 1º CUATRIMESTRE.
F/2017/5414	2017 943 46300	1.331,81	MANCOMUNIDADE DO SALNES	APORTACIÓN MUNICIPAL SERVIZO TRACTOR DESBROZADORA 2017 - 1º CUATRIMESTRE.
F/2017/5415	2017 943 46300	911,52	MANCOMUNIDADE DO SALNES	APORTACIÓN MUNICIPAL CAMIÓN GRÚA 2017 - 1º CUATRIMESTRE.
F/2017/5416	2017 943 76300	340,46	MANCOMUNIDADE DO SALNES	APORTACIÓN MUNICIPAL EDAR-RIBADUMIA 4º ANUALIDADE-2017.
TOTAL		12.890,42		

PRP2017/3892

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.800,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 31 de xullo de 2017, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 24 de setembro de 2015, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:



- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 2.700,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 2.400,00 €
- Grupo Municipal do EU-IU, por un importe total de 1.200,00 €€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 900,00 €
- Grupo de SOMOS MAIORIA, por un importe total de 600,00 €.”

PRP2017/3893

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencia ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de xullo de 2017, por un importe total de 4.510,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Número Sesións	€/sesión	Total Euros
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	6	110	660
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN	7	110	770
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ	7	110	770
D. TOMÁS FOLE DÍAZ	2	110	220
DONA ROCIO A. LLOVO DEL RIO	2	110	220
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO	2	110	220
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ	1	110	110
D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE	1	110	110
DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL	2	110	220
D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ	2	110	220
DONA MARIA MOSQUERA LEAL	2	110	220
D. MIGUEL ALVES LAGO	2	110	220
D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ	2	110	220
DONA LUCÍA CESAR VELOSO	1	110	110
D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA	2	110	220
TOTAL			4510

E sen máis asuntos que tratar, ás 11:40 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.